

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLARÍA DE POLÍTICA SOCIAL, A FEDERACIÓN GALLEGA DE BANCOS DE ALIMENTOS E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA O ESTABLECIMENTO DUNHA COORDINACIÓN NA ENTREGA DE ALIMENTOS ÁS FAMILIAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE E CON MENORES

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2017

REUNIDOS



Don José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia; no Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da vicepresidencia e das consellarías da Xunta de Galicia, e no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellaría de Política Social.



Doutra parte, don José Pita Chento, con DNI 33199205 Q, presidente da Federación Gallega de Bancos de Alimentos (en adiante FEGABAN), con CIF G32375115, actuando en nome e representación da entidade, como se acredita na relación de compoñentes da xunta directiva elixidos na Asemblea Xeral de data 13 de xaneiro de 2013.



E doutra, don Alfredo L. García Rodríguez, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante FEGAMP), no seu nome e representación, de acordo co artigo 44 dos seus estatutos.



As partes, na representación que respectivamente ostentan, decidiron subscribir un convenio de colaboración para establecer unha coordinación na entrega de alimentos ás familias en situación de vulnerabilidade e con menores a cargo, nos termos que seguidamente

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que a Federación Gallega de Bancos de Alimentos (FEGABAN) é unha entidade sen ánimo de lucro constituída polos distintos Bancos de alimentos que actúan na nosa comunidade, que se atopa inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5847, e ten como fins, entre outros, os seguintes:

- 
- a) Coordinar as actividades dos Bancos de Alimentos membros da Federación, para o cumprimento dos seus fins propios.
 - b) Potenciar os vínculos de unión entre os distintos Bancos de Alimentos co fin de manter contactos e intercambiar información sobre as súas respectivas actividades.
 - c) Tratar de que cada un dos Bancos de Alimentos membros da Federación, desenvolvan ao máximo os fins previstos nos seus estatutos.

Que para a consecución deses fins FEGABAN realiza as seguintes actividades:

- 
- 
- a) Representar os bancos de alimentos federados ante toda clase de organismos públicos e privados do ámbito da comunidade autonómica, estatal ou internacional, así como facilitar as relacións e a colaboración entre eles.
 - b) Prestar aos seus membros todos os servizos que, a xuízo da federación, poidan axudarlles a alcanzar os seus fins fundacionais e o desenvolvemento das súas actividades, incluíndose aquí todo tipo de axudas tanto de índole económica como material, humana e de carácter legal.
 - c) Promocionar a figura dos Bancos de alimentos en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, auspiciando a súa creación por todos os medios posibles como prensa, radio, TV, campañas publicitarias, etc., perseguindo así un crecemento estable e a súa prolongación no tempo.
 - d) Canalizar e distribuír aos federados as axudas globais que, en alimentos ou en forma de subvención, proveñan de calquera administración de carácter autonómico, nacional ou internacional.
 - e) Colaborar á solución dos problemas de marxinación, paro e pobreza mediante a captación, almacenamento e distribución gratuíta de excedentes de alimentos ou outros artigos de primeira necesidade a centros asistenciais e persoas necesitadas, e mediante calquera outras accións asistenciais relacionadas que as circunstancias esixan.

SEGUNDO: Que a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) é unha entidade que está constituída polos entes locais que voluntariamente o decidan, que goza de personalidade xurídica plena e pública para o desenvolvemento das funcións que lle son inherentes e de plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos ou obrigas, figurando entre os seus fins a representación e defensa das entidades locais, a promoción das competencias locais e calquera outro fin que afecte ou incida directa ou indirectamente nos seus asociados.

TERCEIRO: Que a Consellaría de Política Social, segundo a estrutura orgánica fixada polo Decreto 176/2015, do 3 de decembro, é o órgano que ten asumidas as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo servizos comunitarios, as políticas de inclusión social e en favor da poboación inmigrante que lle corresponden á Xunta de Galicia.

CUARTO: Que o artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece como competencias dos concellos os servizos sociais comunitarios básicos. Considéranse competencias propias das entidades locais a atención de emerxencia as persoas e familias en situación de necesidade.

QUINTO: Que a situación de crise económica dos últimos anos motiva que moitas familias teñan problemas para cubrir as súas necesidades básicas por falla de recursos económicos, situación que ten unhas graves consecuencias se afecta á alimentación dos e das menores.

A Consellaría de Política Social, A FEGABAN e a FEGAMP coinciden na necesidade de abordar conxunta e coordinadamente as medidas de apoio ás familias en situación de vulnerabilidade e con menores a cargo que teñan problemas para cubrir as súas necesidades alimenticias, polo que as partes acordan asinar este convenio para facer posible e facilitar unha axuda de carácter alimenticio, mediante a colaboración dos concellos, coa finalidade antes exposta. A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no artigo 57.4 establece que as administracións autonómica e local poderán conceder subvencións, así como subscribir, de acordo co artigo 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, convenios de colaboración con entidades de iniciativa social que dispoñan da capacidade e dos medios adecuados para a realización das actividades de inserción social de colectivos con problemáticas específicas e persoas beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia da xestión pública, contribúe á realización de actividades de utilidade pública e cumpre a lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer un procedemento de actuación que determine a coordinación para a entrega de alimentos ás familias en situación de vulnerabilidade e con menores a cargo, previamente propostas polos concellos, e que non sexan beneficiarias de axudas coa mesma finalidade.

SEGUNDA. Procedemento de actuación

Para os efectos deste convenio, é preciso ter en conta tanto as familias destinatarias como as accións que se organizan:

1. Familias destinatarias:

Familias en situación de vulnerabilidade diagnosticada polos servizos sociais comunitarios do concello onde residen e que teñan menores a cargo. As circunstancias nas que se atopan as familias serán analizadas polos servizos sociais comunitarios do concello para determinar a necesidade de intervención cunha achega de alimentos básicos.

2. Accións que se desenvolverán:

Os servizos sociais dos concellos determinarán cales son as familias con menores a cargo, que por falta de recursos económicos e non recibir outro tipo de axudas para cubrir ás necesidades alimenticias nos meses de verán, precisen esta achega extraordinaria de alimentos.

Unha vez verificado polos servizos sociais do concello que se cumpren as condicións do artigo 49 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, comunicaranos directamente por correo electrónico á Consellaría de Política Social, relacionando o DNI e a idade das persoas que forman parte da unidade familiar que necesitan os alimentos, xunto co consentimento expreso de cada unha das persoas para a cesión dos seus datos persoais á Consellaría de Política Social e á FEGABAN.

A Consellaría de Política Social contrastará a percepción por parte desas familias doutras axudas e prestacións concedidas pola propia consellaría coa mesma finalidade. Así mesmo, a FEGABAN comprobará que non se subministraron outras axudas a esas mesmas familias.

Os concellos deberán indicar un lugar ou punto para que os bancos de alimentos fagan entrega dos lotes de alimentos, en función da súa petición, e organizar esa entrega ás familias que os solicitaron.

As familias recollerán os alimentos no lugar ou punto sinalado polo propio concello. O paquete entregado a cada familia permitirá alomenos unha comida diaria a todas as persoas da unidade familiar.

TERCEIRA. Compromisos da Consellaría de Política Social

A Consellaría de Política Social comprométese a:

- a) Facilitar aos concellos toda a información que sexa necesaria para levar a cabo a selección das familias con menores e a entrega dos lotes de alimentos previstos neste convenio
- b) Prestar información sobre o procedemento previsto neste convenio e o contido das axudas, así como para a resolución de calquera dúbida que puidese xurdir nas actuacións derivadas da súa execución e derivarán aos servizos sociais comunitarios básicos dos concellos ás persoas e familias que pregunten sobre estas axudas por atoparse nas circunstancias de vulnerabilidade que puidesen xustificar o acceso a aquelas.
- c) Contrastar a percepción doutras axudas ou prestacións coa mesma finalidade por parte das persoas integrantes das familias propostas, e que previamente presten o seu consentimento, e remitir os datos á Federación Gallega de Bancos de Alimentos para que comprobe que non existe solapamento na entrega doutros lotes de alimentos.

CUARTA. Compromisos da FEGAMP

A FEGAMP comprométese a promover entre os seus asociados o coñecemento deste convenio, buscando a súa colaboración para a execución dos compromisos nel recollidos. Isto é, a selección das familias e a entrega efectiva dos lotes de alimentos, previamente transportados e depositados pola FEGABAN no lugar designado por aqueles.

QUINTA. Compromisos da FEGABAN

A FEGABAN comprométese a que:

- a) Os bancos de alimentos distribúan os lotes de alimentos a cada concello, en función da súa petición. O paquete entregado por cada familia permitirá alomenos unha comida diaria a todas as persoas da unidade familiar.
- b) Contratará a percepción doutras axudas alimentarias por parte das persoas das familias que autoricen previamente a consulta dos seus datos coa finalidade antedita.
- c) Subministrará á Administración toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

SEXTA. Gastos de execución do convenio

A FEGABAN asumirá, no seu caso, o custo das actuacións que deba realizar, no relativo a adquisición e traslado dos lotes de alimentos, segundo o estipulado no clausulado deste

convenio. Para as demais partes asinantes, non implicará gastos de execución, limitándose a actuar como entidades colaboradoras.

SÉTIMA. Comisión de seguimento do convenio

Crearase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e da resolución de controversias acerca da súa interpretación e aplicación. Esta comisión de seguimento estará integrada por dúas persoas en representación de cada unha das partes asinantes, presidida por un dos representantes da Consellería de Política Social e actuando como secretario o representante de menor idade.

A Comisión Mixta está sometida á Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas e á Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

OITAVA. Inexistencia de relación laboral

A subscripción deste convenio non implicará relación contractual ningunha entre a Consellaría de Política Social e as persoas que desenvolvan as actividades que constitúen o obxecto daquel, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, ni directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento do convenio.

NOVENA. Duración

O convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de agosto de 2017.

DÉCIMA. Resolución

1. Serán causas de resolución deste convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia.
- b) O acordo unánime das partes asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes. Neste caso, calquera das outras partes poderá requirir á parte incumplidora para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran non atendidos. Este requirimento será comunicado tamén á comisión de seguimento do convenio. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás outras partes a existencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio, sen que isto xere dereito a indemnización.
- d) Por decisión xudicial que declare a nulidade do convenio.
- e) Por causa de forza maior.
- f) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista na lexislación vixente.

DÉCIMO PRIMEIRA. Carácter administrativo do convenio

1. Este convenio terá carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e no non previsto aplicaráselle os principios contemplados no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse. Así mesmo, rexerase tamén pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas

2. A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

DÉCIMO SEGUNDA. Cuestións litixiosas

1. As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.
2. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou poderá interpoñerse directamente ante o Tribunal superior de Xustiza de Galicia, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO TERCEIRA. Transparencia e publicidade

Este convenio está suxeito ao disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e a súa publicación.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

DÉCIMO CUARTA. Protección de datos de carácter persoal

1. A Federación Gallega de Bancos de Alimentos obrígase ao cumprimento da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal e, en concreto da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e do Real decreto 1720/2007, do

21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento de dita lei.

2. Ambas as partes garantirán a total confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas en execución do presente convenio e serán incluídos nun ficheiro denominado Relacións Administrativas coa Cidadanía e Entidades, creado pola Orde do 15 de decembro de 2011 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Traballo e Benestar (actualmente Consellería de Política Social).

O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social. O dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica desta consellería, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Política Social, Secretaría Xeral Técnica, Edificio Administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela ou a través dun correo electrónico a sxt.politicassocial@xunta.gal.

DÉCIMO QUINTA. Publicidade dos datos das partes asinantes

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E en proba de conformidade cos termos deste convenio, as partes asínano e rubricano, por triplicado, no lugar e na data indicados na cabeceira.

O conselleiro de Política Social



José Manuel Rey Varela

O presidente da Federación Galega de Bancos de Alimentos



José Pita Chento

O presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)

 

Afredo L. García Rodríguez
Presidencia